

Dirección Xeral de Formación Profesional Admisión Formación Profesional 2023-2024

Información importante. FP dual

1. Requisitos de acceso

- Ter dezaioito anos ou facelos no ano natural en que comece o ciclo formativo. Non hai límite superior de idade.
- Cumprir os requisitos de acceso aos ciclos formativos.
- Carecer da cualificación profesional para o posto de traballo obxecto do proxecto.
- Non ter realizado con anterioridade un contrato de formación e aprendizaxe, e cumprir os requisitos establecidos na normativa laboral vixente para poder formalizalo.
- Non ter superado ningún módulo profesional do ciclo formativo do proxecto solicitado, agás que fose cursando outro ciclo formativo.

2. Documentación

A solicitude de admisión deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- DNI ou NIE. Cando non se dispoña del, copia do pasaporte ou do documento de identificación da Unión Europea.
- No caso de non ter realizados os estudos en Galicia, certificación académica dos requisitos de acceso.
- Currículo co formato Europass, que se poderá elaborar no enderezo:

<https://europass.cedefop.europa.eu/es/documents/curriculum-vitae>

3. Procedemento de admisión e matrícula

O procedemento de admisión e matrícula ten dúas fases:

- Presentación da solicitude no centro educativo.
- Selección do alumnado pola entidade colaboradora e matrícula.

4. Presentación da solicitude

Deberase cubrir **unha única solicitude para un único proxecto de FP dual**, utilizando o asistente informático que estará dispoñible en www.edu.xunta.gal/fp. A aplicación avisará no caso de que fose necesario achegar documentación, que poderá engadirse en soporte electrónico. Non será necesario presentar o resguardo da

solicitude nin a documentación nun centro, agás que a aplicación indique que para ser unha solicitude válida terá que ser entregada, xunto coa documentación necesaria, nun centro educativo con oferta de FP dual sostida co fondos públicos, para ser selada, datada e validada.

No caso de se detectar erros na instancia validada, e só durante o prazo de presentación de solicitudes, poderán xerarse e validarse outra/s solicitude/s de admisión. Só se considerarán os datos da derradeira solicitude validada.

Se a persoa solicitante presenta máis dunha solicitude ou solicita máis dun proxecto, non se terá en conta ningunha petición.

Os datos das solicitudes admitidas e excluídas publícanse nas listaxes de solicitudes provisionais e definitivas, que non son listaxes de prazas adxudicadas. Os datos de identificación serán substituídos por un código persoal de consulta (CPC) nas listaxes.

5. Selección do alumnado

Tendo en conta a listaxe definitiva de solicitudes, o centro e a entidade colaboradora seleccionarán o alumnado.

Rematado o período de selección publicarase a listaxe de persoas admitidas e en espera.

As persoas admitidas (seleccionadas) nun proxecto de FP dual deberán matricularse durante o período establecido no centro educativo no que teñan a praza adxudicada.

6. Participación noutros procesos de admisión de FP

As persoas que participen no procedemento de admisión e matrícula para os proxectos de formación profesional dual tamén poderán realizar a solicitude de admisión a ciclos formativos e nos cursos de especialización de FP.

As persoas admitidas (seleccionadas) para un proxecto de FP dual quedarán excluídas do proceso de admisión a ciclos formativos no réxime ordinario, no réxime para as persoas adultas e nos cursos de especialización de FP.

No caso de non seren admitidas (seleccionadas) en ningún proxecto de FP dual poderán continuar no proceso de admisión a ciclos formativos e a cursos de especialización.

Estar matriculado/a en ESO, bacharelato ou FP (incluída a FCT) ou ter unha praza adxudicada de FP dual ou dun curso de especialización de FP, implica a exclusión dos procesos de admisión a ciclos formativos.

Período ordinario de admisión

Presentación de solicitudes	23 xuño ás 9:00 ao 5 xullo ás 13:00 horas
Publicación da listaxe provisional de solicitudes	6 xullo
Reclamación á listaxe provisional de solicitudes	6 xullo ás 9:00 ao 10 xullo ás 13:00 horas
Publicación da listaxe definitiva de solicitudes	11 xullo
Período de selección polo centro educativo e a entidade colaboradora	11 ao 14 xullo ás 12:00 horas
Publicación das prazas adxudicadas e en espera	17 xullo
Período de matrícula para as persoas admitidas	18 xullo ás 9:00 ao 26 xullo ás 13:00 horas

Nota: lémbrese que as persoas admitidas (seleccionadas) nun proxecto de FP dual quedarán excluídas do proceso de admisión a ciclos formativos no réxime ordinario, no réxime para as persoas adultas e dos cursos de especialización.

Lembre que a normativa prevalece sobre calquera outra información. Este documento contén información de carácter xeral extraída da normativa, polo que calquera dúbida ou contradición se resolverá atendendo á normativa vixente.



Dirección Xeral de Formación Profesional

Admisión Formación Profesional 2023-2024 - FP dual

Instrucións xerais

Índice

1	Introdución.....	3
2	Requisitos de acceso en FP dual.....	3
3	Prazo de inscrición.....	3
4	Presentación de solicitudes.....	3
5	Documentación.....	4
6	Información e publicación de listaxes.....	4
7	Prazo ordinario de presentación de solicitudes.....	4
8	Listaxe provisional de solicitudes e reclamacións.....	5
9	Listaxe definitiva de solicitudes.....	5
10	Período de selección do alumnado.....	5
11	Relación de persoas seleccionadas e matrícula.....	5
12	Liberación de prazas.....	5
13	Remate do procedemento de admisión e matrícula.....	6
14	Número mínimo de solicitudes de matrícula.....	6
15	Acceso de persoas con titulación estranxeira.....	6

1 Introducción

As datas relativas ao proceso de admisión de FP dual para o curso 2023-2024 son as publicadas no calendario específico na páxina de FP: www.edu.xunta.gal/fp.

2 Requisitos de acceso en FP dual

- Ter dezaoito anos ou facelos no ano natural en que comece o ciclo formativo. Nesta convocatoria non hai límite superior de idade.
- Cumprir os requisitos de acceso aos ciclos formativos.
- Carecer da cualificación profesional para o posto de traballo obxecto do proxecto.
- Non ter realizado con anterioridade un contrato de formación e aprendizaxe, e cumprir os requisitos establecidos na normativa laboral vixente para poder formalizalo.
- Non ter superado ningún módulo profesional do ciclo formativo do proxecto solicitado, agás que fose cursando outro ciclo formativo.

3 Prazo de inscrición

O prazo de presentación de solicitudes de admisión de FP dual para o curso 2023-2024 será do **23 de xuño ás 9:00 horas ata as 13:00 horas do 5 de xullo**.

4 Presentación de solicitudes

Deberase cubrir **unha única solicitude para un único proxecto de FP dual**, utilizando o asistente informático que estará dispoñible en www.edu.xunta.gal/fp A aplicación avisará no caso de que sexa necesario achegar documentación, que poderá engadirse en soporte electrónico. Non será necesario presentar o resguardo da solicitude nin a documentación nun centro, agás que a aplicación indique que para ser unha solicitude válida terá que ser entregada, xunto coa documentación necesaria, nun centro educativo con oferta de FP dual sostida con fondos públicos, para ser selada, datada e validada.

De ser necesaria a entrega, xunto coa documentación, nun centro educativo, poderase presentar a solicitude, cuberta mediante o asistente informático e asinada, en sobre aberto en calquera oficina de Correos de España, para ser remitida por correo certificado co selo de Correos coa data de entrega, lugar, hora e nome da oficina (artigo 31 do Real decreto 1829/1999), e a persoa solicitante pedirá explicitamente que se fagan constar as circunstancias do envío, logo da comparación co documento de identidade, segundo o referido artigo. **A solicitude irá dirixida ao centro onde se oferte o ciclo de FP dual para o que solicita a admisión.** A documentación presentada que non sexa orixinal deberá estar compulsada, tamén se deberá incluír unha copia simple do documento de identidade. Será necesario remitir, **nos prazos de admisión**, unha copia da documentación presentada e selada mediante correo electrónico ao centro ao que vaia dirixida a solicitude. Os enderezos electrónicos dos centros poden consultarse en:

<https://www.edu.xunta.gal/centroseducativos/>

Para presentar a solicitude de inscrición para ciclos formativos de FP dual hai que ter en conta o seguinte:

- Unicamente poderá presentar a solicitude de admisión quen cumpra os requisitos de acceso no momento da inscrición.

- Se a persoa solicitante presenta máis dunha solicitude ou solicita máis dun proxecto, non se terá en conta ningunha petición.
- As persoas que participen no procedemento de admisión e matrícula para os proxectos de formación profesional dual tamén poderán realizar a solicitude de admisión a ciclos formativos.
- As persoas admitidas (seleccionadas) para un proxecto de FP dual quedarán excluídas do proceso de admisión a ciclos formativos no réxime ordinario, no réxime para as persoas adultas e nos cursos de especialización. No caso de non seren admitidas (seleccionadas) en ningún proxecto de FP dual poderán continuar no proceso de admisión a ciclos formativos e a cursos de especialización.
- Estar matriculado/a na ESO, bacharelato ou FP (incluída a FCT) ou ter unha praza adxudicada de FP dual ou dun curso de especialización de FP, implica a exclusión dos procesos de admisión a ciclos formativos.

5 Documentación

O artigo 4 da Orde do 14 de xuño de 2018 establece a documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento:

- DNI ou NIE. No caso de non dispoñer del, copia do pasaporte ou do documento de identificación da Unión Europea.
- No caso de non ter realizados os estudos ou as probas de acceso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, certificación académica na que conste o expediente académico e o depósito do título, de ser o caso, ou o certificado da superación da proba de acceso ao ciclo formativo ou da proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
- Currículo co formato Europass, que se poderá elaborar no enderezo:

<https://europass.cedefop.europa.eu/es/documents/curriculum-vitae>

6 Información e publicación de listaxes

Toda a información do proceso de admisión a ciclos de FP dual estará dispoñible no enderezo web www.edu.xunta.gal/fp. Para a consulta da situación individual deberase empregar o "Código persoal de consulta".

Nas datas establecidas, as relacións provisionais e definitivas de persoas solicitantes, así como a relación de persoas admitidas e en espera, serán publicadas na páxina web de formación profesional. Así mesmo, os centros publicarán as súas listaxes no taboleiro de anuncios.

7 Prazo ordinario de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes de admisión de FP dual para o curso 2023-2024 será **do 23 de xuño ás 9:00 horas ata as 13:00 horas do 5 de xullo**.

As secretarías dos centros docentes, ademais de recoller as solicitudes para a admisión a ciclos formativos, marcarán a entrega e validación das solicitudes na aplicación informática Ciclosadmisión, **do 23 de xuño ás 9:00 horas ata as 14:00 horas do día 5 de xullo**.

8 Listaxe provisional de solicitudes e reclamacións

O día **6 de xullo** publicaranse as relacións provisionais de persoas solicitantes para cada proxecto de FP dual.

Establécese un **prazo de reclamacións** desde o día **6 ás 9:00 horas ao 10 de xullo ás 13:00 horas**.

Os centros terán de prazo ata as 14:00 horas do día 10 de xullo para cargar na aplicación informática os datos coas modificacións xurdidas das reclamacións.

9 Listaxe definitiva de solicitudes

O día **11 de xullo** faranse públicas as relacións definitivas de persoas solicitantes para cada proxecto de FP dual.

10 Período de selección do alumnado

Os centros e as entidades colaboradoras realizarán as entrevistas e a selección de persoal desde o día **11 ao 14 de xullo ás 12:00 horas**.

Os centros terán de prazo ata o día 14 de xullo ás 12:00 horas para cargar na aplicación informática as persoas seleccionadas pola entidade colaboradora.

As persoas admitidas (seleccionadas) para un proxecto de FP dual quedarán excluídas do proceso de admisión a ciclos formativos no réxime ordinario, no réxime para as persoas adultas e nos cursos de especialización de FP. No caso de non seren admitidas (seleccionadas) en ningún proxecto de FP dual poderán continuar no proceso de admisión a ciclos formativos e a cursos de especialización.

11 Relación de persoas seleccionadas e matrícula

O día **17 de xullo** publicarase a relación de persoas admitidas e en espera en cada proxecto de FP dual. As persoas admitidas deberanse matricular no prazo abranguido desde o día **18 ás 9:00 horas ao día 26 de xullo ás 13:00 horas**. De non facelo perderán os dereitos sobre a matrícula das prazas adxudicadas.

Os centros teñen de prazo ata as 14:00 horas do día 26 de xullo para cargar as matrículas na aplicación informática que corresponda.

12 Liberación de prazas

A Dirección Xeral de Formación Profesional poderá liberar as prazas vacantes dos ciclos formativos con proxectos de FP dual ata o **22 de setembro ás 13:00 horas** para alumnado que ademais de acreditar o cumprimento dos requisitos de acceso, pase o proceso de selección establecido pola entidade colaboradora e o centro educativo.

A relación dos ciclos formativos coa condición de liberados e o número de prazas dispoñibles en cada un deles poderase consultar na páxina web de formación profesional.

13 Remate do procedemento de admisión e matrícula

O proceso de matrícula rematará en todo caso o día **22 de setembro**. A partir desta data, non se producirá matriculación ningunha sen autorización expresa da Dirección Xeral de Formación Profesional. Esta autorización farase por medio da aplicación informática que xestiona a admisión.

14 Número mínimo de solicitudes de matrícula

A normativa que regula a FP dual indica que a autorización da oferta quedará condicionada a que exista un número mínimo de doce persoas seleccionadas. Un número menor de persoas seleccionadas esixe a autorización expresa da Dirección Xeral de Formación Profesional para poñer en funcionamento este proxecto experimental de formación profesional dual, e mentres que non se dispoña desta autorización non se poderá formalizar matrícula ningunha.

15 Acceso de persoas con titulación estranxeira

No caso das solicitudes para o acceso a ciclos formativos nas que se aleguen titulacións obtidas fóra do Estado español é moi importante que os datos persoais e académicos da credencial de homologación ou da solicitude de inscrición condicional coincidan cos da solicitude de admisión.

No espazo habilitado na aplicación (despois de marcar a entrega da solicitude e acceder á ventá de validación) para cargar especificamente a documentación de estudos estranxeiros deberase achegar:

- No caso de dispoñer de **homologación** do título estranxeiro:
 - Documento Oficial de Identidade (DOI).
 - Homologación do título.
- No caso de **non** dispoñer da **homologación** do título estranxeiro:
 - Documento Oficial de Identidade.
 - Solicitude de homologación e/ou validación de títulos e estudos estranxeiros de ensinanza non universitarias (Anexo I da Orde reguladora do procedemento de homologación) co selo de rexistro de entrada.
 - Declaración responsable para inscrición condicionada en centro docente e/ou exame oficial (Anexo III da Orde reguladora do procedemento de homologación) co selo de rexistro de entrada.
 - Resgardo de pagamento da taxa de solicitude de homologación (excepto para o título de graduado en ESO).

Nos casos nos que a identidade coa que se obtivo a credencial de homologación ou os da solicitude de inscrición condicional sexan diferentes aos do DOI que se entrega coa solicitude de admisión, será necesario achegar certificado do Rexistro Civil ou da Policía onde se acredite que se trata da mesma persoa.